

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 9
SEMANA 10/1988
(6 ó 12 de marzo)


CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

9 DE MAIO DE 1988

MEDIO AMBIENTE E SAÚDE

O pasado día 7 de abril a Organización Mundial da Saúde cumpríu coarenta anos. A Asemblea Mundial da Saúde, que representa ós 166 Estados Membros da Organización, decidiu aproveitar este aniversario para estimular a acción nacional en favor do desenvolvemento sanitario e facer un chamamento ós gobernos para difundir distintas mensaxes e fomentar a acción a favor da Saúde destacando a importancia das funcións e actividades da O.M.S.

Neste senso, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia reproduce neste Boletín Epidemiolóxico un dos artigos redactados pola O.M.S. sobre «Medio Ambiente e Saúde».

Non é esaxerado dicir que a palabra MEDIO AMBIENTE chegou a ser unha das palabras clave da nosa época. Ignora as fronteiras nacionais e o seu berro de alarma escóitase a través de tódalas culturas, clases e crencias. Os seus partidarios son de tódalas tendencias políticas sociais ou relixiosas, dende os ardorosos adeptos do movemento ecoloxista ata os retardatarios crónicos da orde universal dos burócratas. Para algúns de nós, esta palabra evoca campañas solemnes de colecta de fondos para a protección do loro de pico vermello de América do Sur ou para a promoción da agricultura de xente «biolóxica»; pero para millóns de persoas designa unha realidade terrible, un círculo vicioso de miseria, de tugurios infestados de ratas, de auga contaminada e de produtos alimentarios insalubres, co sinistro cortello de enfermidades, e polo tanto, de taxas de morbilidade e mortalidade inaceptablemente elevadas.

Unha mesma palabra para actividades moi diversas:

No curso dos seus coarenta anos de existencia, a Organización Mundial de Saúde non deixou de conceder unha gran importancia á mellora da salubridade do medio ambiente, que para ela é «unha condición indispensable esencial para o progreso sanitario en tódolos países». Non é casualidade que a Salubridade do Medio Ambiente sexa un dos Programas máis diversificados da O.M.S. O seu campo de acción abrangue o abastecemento público de auga e o saneamento, a seguridade das sustancias químicas, a seguridade de produtos alimentarios, a prevención da contaminación do medio ambiente e a hixiene do medio ambiente no acondicionamento rural e urbano e o hábitat.

O escrito seguinte trata de dar unha idea do xeito en que a Organización loita contra os efectos nefastos dunha industrialización demasiado rápida, dunha urbanización salvaxe e do abuso de pesticidas en agricultura, e amosar como fai fronte ás tribulacións do Decenio Internacional de auga potable e saneamento.

Área nas engrenaxes

Valey Abramov.

Só nos separan doce anos do vindeiro milenio, o século XX toca ó seu fin e a pesar de tódalas catástrofes que se foron sucedendo a terra sobreviviu. A pesar das dúas guerras mundiais, a bomba atómica, «innumerables», conflitos locais, acumulación de armas nucleares a fame en África e outros lugares, e caseque 1.000 millóns de desherdados vivindo en condicións de pobreza insostenibles, o espectáculo continúa. Sí, continúa.

A ciencia e a tecnoloxía, estes magos infatigables, demostraron en varias ocasións a sede inextinguible do home pola verdade e o descubrimento que o empuxa a explora-la *terra incognita* que aínda escapa ó seu coñecemento. En caseque dúas xeneracións, afixémonos de tal xeito ó teléfono, á televisión, ós avións, entre outras cousas que tan admirables inventos parécennos cousas naturais, e non nos damos conta de que modifican profundamente a nosa noción do tempo e do espacio.

Tomemos por caso a televisión: a «tele» non só forma parte da nosa vida cotián e nos permite seguir, en directo, o espectáculo de catástrofes naturais ou enxendradas polo home, tódolos sucesos que con frecuencia se desenvolven a miles de kilómetros dos nosos fogares.

A terra é coma un pobo, e todo aquilo que ocorre nun extremo do pobo coñecese inmediatamente no outro extremo. Estamos tan «afeitos» a este espectáculo que son necesarias, para que poidamos saír desta apatía, imaxes moi fortes como as que espertaron a conciencia do mundo ante o horror da fame en África.

Vivimos baixo a ameaza constante dun inverno nuclear, nun mundo dividido (baixo o teito das Nacións Unidas) en, polo menos, tres partes, e se xa conseguimos «toca-las estrelas», aínda non acadamo-la eliminación da pobreza, a mal nutrición e as enfermidades ás

que sucumben regularmente millóns de vidas. Triste ironía dos feitos: en 1986, Ano Internacional da Paz, houbo 36 guerras e conflitos armados que provocaron de tres a cinco millóns de baixas e implicaron a coarenta nacións.

O ritmo da carreira de armamentos sobrepasa de lonxe ó do desenvolvemento económico, e o comercio das armas segue sendo demasiado lucrativo. Só en 1984, as vendas mundiais de armas acadaron a suma astronómica de 35.000 millóns de dólares, ou sexa 2.000 millóns máis cá suma gastada para cereais. ¿A comunidade mundial de hoxe en día está máis madura, máis responsable ou máis civilizada cá de onte? Foi no século XX cando as palabras de orixe grega, de aspecto inocente, xenocidio e ecocidio, entraron nos dicionarios.

O mundo vivinte, no que somos un elemento, funciona coma un reloxo suízo, ben axustado; desgraciadamente para os seres humanos, non dubidamos en introducir graos de area nas engrenaxes en nome do «progreso» e do sacro-santo «beneficio». A natureza, nai xenerosa, ofrece as súas riquezas a quen queira tomalas, e nós empuxámonos para saqueala sen freno.

¿Temos suficientes cartos e vontade política para protexe-los fráxiles ecosistemas tales como as selvas tropicais para administra-lo medio ambiente, para proporciona-los servicios esenciais (incluído-los servicios de Saúde) ás poboacións que non cesan de aumentar e para controla-los contaminantes que os ventos poden propagar a miles de kilómetros máis alá de moitas fronteiras nacionais? Dada a natureza das actividades da O.M.S. (axudar a aconsellar ós países sobre tódalas cuestións que teñan relación coa saúde pública internacional), esta Organización sae raramente na primeira plana dos xornais e non se pode dicir que sexa mimada pola prensa mundial. Razón de máis para mirala de preto. Na sombra do edificio que nas alturas xenebrinas abriga á Sede da O.M.S. hai un anexo rodeado de árbores: é ahí onde os artesáns do Programa de Salubridade do Medio Ambiente (case ignorado do mundo exterior) traballan sen des-

canso para a protección do noso precioso medio ambiente, incitando ás autoridades e ós servicios públicos para que tomen medidas apropiadas a este fin e animando tamén a investigar nos arcanos da ciencia para que pouco a pouco os pequenos regos dos descubrimentos engrosen o río do coñecemento do universo.

A Organización Mundial da Saúde e os Sen Albergue

A urbanización salvaxe destes catro últimos decenios puxo en evidencia os problemas de aloxamento do mundo en desenvolvemento. En 1973 a O.M.S. xa tiña elixido coma lema para o seu Día Mundial da Saúde: «A Saúde empeza na casa». Para uns 20 millóns de nenos e adolescentes latinoamericanos vivindo e durmindo nas rúas ¿qué sentido pode te-la expresión «na casa»? ¿É posible para nós imaxinar soamente as condicións precarias nas que viven millóns de persoas que, no mundo enteiro, están privadas dun aloxamento decente e que habitan en chabolas, barrios de tugurios e campos de refuxiados? O ano pasado, Ano Internacional do Aloxamento dos Sen-Albergue, a O.M.S. organizou en Xenebra, no marco do seu Programa «Hixiene do Medio Ambiente no Acondicionamento Urbano e Rural e o Hábitat» unha reunión sobre o aloxamento e as súas consecuencias para a saúde. Segundo o informe final da reunión, máis de 100 millóns de persoas carecen de aloxamento e preto de 1.000 millóns non teñen un aloxamento adecuado. Na maior parte dos países en desenvolvemento, entre un 30 e un 60% da poboación vive en condicións totalmente inadecuadas.

Un dos aspectos do aloxamento, que ten unha clara relación coa saúde, é o do abastecemento de auga e do saneamento. Certo é que se realizaron progresos no curso do Decenio Internacional da Auga Potable e do Saneamento, pero a maioría dos países en desenvolvemento deben «ir máis de presa para poder quedar só no mesmo lugar». A pesares de

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANA 10/1988 D

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC (SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCOCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCOCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
A CORUNA																		
1 CEDEIRA									1	8		8						8
2 ORTIGUEIRA										2	70		8				3	6
3 NARÓN											70		7				1	15
4 AS PONTES									1	2	91		11					
5 FERROL						2				11			14					
6 FENE										2	42		2				1	6
7 PONTEDEUME										5	113		7				3	16
8 CEE										2	229		48				5	
9 VIMIANZO									1	2	12		4					1
10 PONTECESO										2	149							36
11 CARBALLO						2			2	10	123					1	1	13
12 ARTEIXO									1	3								
13 A CORUÑA			1			9				8			37		3			23
14 CULLEREDO-O BURGO								3	1	9	69		2				9	40
15 OLEIROS						5				2	50		2	1	1	1	1	5
16 BETANZOS					1	1				17	379				1		2	19
17 SANTA COMBA										8	60						3	34
18 NEGREIRA											22						23	79
19 ORDES						1			5	35	269						6	49
20 CURTIS-TEIXEIRO											65						1	5
21 SANTIAGO		2				1				11	336		1	12			2	65
22 MELIDE											10							
23 MUROS											268						1	4
24 NOIA					3	35				2	32		2		1		8	22
25 PADRON								1		9	152		4				2	28
26 BOIRO											45						2	19
27 RIBEIRA											23							
PONTEVEDRA																		
28 A ESTRADA										1	52		5		1			4
29 LALIN						1				8	561						11	51
30 VILAGARCIA DE AROUSA										2	24		4				2	11
31 CALDAS DE REIS			3							5	50							18
32 VILANOVA DE AROUSA											150						1	1
33 CAMBADOS										1	116		2		2			14
34 O GROVE								2		1	19							8
35 SANXENXO						1		3		2	47		4		2			8
36 PONTEVEDRA								3	1	11	822		18		1	8		21
37 FORCAREI											18							7
38 MARIN						4					159		1	9			1	6
39 CANGAS											87						2	18
40 REDONDELA						1		7		1	147		9	61		1		2
41 VIGO			36			23		6		28	613		3	135			4	10
42 VAL MIÑOR-PANXON									1	2	168			5			5	15
43 PORRIÑO								1		1	66		1	4			1	5
44 PONTEAREAS									1	6	85		3	6		1		3
45 A CANIZA									1	2	33							2
46 A GUARDA										7	35		1				6	7
47 TUI								1		1	128				1	1		10
48 SALVATERRA DE MIÑO											25		6					
49 VIVEIRO									3	6	147		2					
LUGO																		
50 CERVO-BURELA					1	1			1	5	72		3				3	11
51 MONDONEDO		2									193						2	7
52 RIBADEO											85						3	12
53 VILALBA		1								5	15						3	30
54 MEIRA						2			1	7	58		1				2	27
55 FONSGRADA									1	3	16		1				3	28
56 GUITIRIZ										1	25							
57 RABADE		1								2	90						4	10
58 LUGO		2	4		1	3			1	10	236		4	1	3		6	22
59 CASTROVERDE									2	4	40		1					2
60 PALAS DE REI										3	30						1	3
61 MONTEROSO											24						5	22
62 SARRIA		1								4	146						8	19
63 BECERREÁ									1	7	122		1		1		1	16
64 CHANTADA										3	121		1	7			9	94
65 MONFORTE DE LEMOS			3						1	3	16		6					14
66 QUIROGA										2	40						2	2
67 O BARCO		1	6			1				26	278		2	6			1	9
68 O CARBALLIÑO			2			1			1	7	106		10				2	21
69 RIBADAVIA										7	73		6					26
70 OURENSE						4		2	1	7	97		1	8	1	6	16	114
71 MACEDA									1	4	67		2				5	33
OURENSE																		
72 CASTRO-CALDELAS		1								3	22		1		1			7
73 A POBRA DE TRIVES		6								5	44		1				3	16
74 VIANA DO BOLO		2								5	24		6				3	27
75 CELANOVA										1	5		1				1	11
76 ALLARIZ									1	12	16		1					4
77 BANDE										6	55							1
78 XINZO DE LIMIA									1	29	70				1		2	15
79 VERIN		1							2	23	34						3	18
80 A GUDIÑA		4								2	28							

De números aparecidos na edición anterior non resultaron

LARACIÓN OBRIGATORIA

CIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

DO 6 Ó 12 DE MARZO

PAROTIDITE (072)		PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		XARAMPÓN (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIONES ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
			14											2				23	253				1
	1	4	53		1										2	22	62	580					2
	1		25													5	19	288					3
	2	24	256						2							3	171	1.484					4
	27		318		1											11		2.633					5
	1	4	44	1	2				2			1			5	34	41	289					6
	6	7	81	1	5				2		1	2			4	88	99	783					7
	4	15	166		1							1		4	28	136	136	1.109					8
	1	2	14		1					1	1		1	8		2	2	20					9
		2	64							1	1		2			6	100	1.726					10
		9	60										1	5	1	101	144	1.034					11
		17	153										1			3	97	913					12
	7		667		12				3	2	4	1	17		115		7.079						13
	4	5	42					1	2					13	69	212	1.425						14
		3	38		4				1					1	1	73	613						15
		13	250		4						1		1	3		8	287	2.347					16
		12	85												7	67	701						17
			8												9	24	40	380					18
1	9	10	113		3			1	8			1	2		6	42	219	1.437					19
		2	17													7	19	203					20
	9	15	339		3				2		2			1	14	131	218	3.505					21
			1													1	92	543					22
	2	2	85											2		2	69	571					23
		6	88												46	402	1.279						24
	10	10	103		3		1		16					2		42	34	371					25
		6	107											1	1	2	44	339		20	20		26
		1	6											1		11	1	9					27
		11	202												26	245	49	976					28
	7	9	133		11						2			2	13	207	509	3.973					29
	10	18	375		7		2							5	2	42	290	4.331					30
		4	54			1	5									27	28	258					31
		43	294											3	17	72	121	652					32
	1	7	92						1						1	48	84	656					33
	2	7	66														200	508					34
2	12	1	11						1					1	1	53	8	199					35
1	10	116	1.017		4		2		3		1			10	27	174	1.092	8.100			2		36
	1	2	13														19	132					37
	2	9	35		1											40	30	458			6		38
	6	6	62											2			127	899					39
	2	4	76		1		1							1		10	98	714					40
1	41	23	1.634		10		12		1	4	1	12		3	25	6	114	821	12.158				41
	1	16	131		2									3		27	224	1.211					42
6	97	8	77													21	53	477					43
	7	14	174		10	2	10		1						2	6	143	1.014		1	3		44
	1	10	57												3	5	39	685					45
2	3	8	111		3				1							13	54	560					46
	7	10	156													2	140	1.138					47
39	247	9	128						1							12	50	498					48
	1	16	160													4	84	784					49
2	4	7	45											2	8	63	290	1.583					50
			31						1								95	745					51
2	2	6	57	1	1										1	3	103	697					52
		4	22		2						1	46		4		7	70	347					53
		2	52				1							3		14	91	1.039					54
1	1	6	55				1							1	2	2	45	370					55
	1	3	12											2		1	22	49					56
	1		22		1										7	24	35	297					57
	2	3	68		2		1	1	1	1	2	13		1	2	15	68	259	1.561		1	1	58
	1	1	6						3								8	52					59
		2																120	472				60
		4	7												4	6	46	70	425				61
	1	7	82													1	252	1.599			16		62
	3	7	123											1	4	44	219	1.307			1		63
		11	147													1	116	1.250					64
	5	5	15		1									2		7	152	797					65
	1		9										2		2	1	2	5	85				66
	1	14	149								1			2	3	13	438	4.956					67
	1	32	348						1		1			1	8	17	283	2.870					68
	1	5	74				5		1							7	77	1.237					69
	5	20	127		2		1		1		4			5	5	18	412	3.067					70
		10	49		2				1		1			4		3	79	1.083					71
			19														55	394					72
	1	4	15									1				2	48	495					73
		3	22													27	115	929					74
	1	14	85						1					1	2	13	86	1.019					75
		2	6														32	253					76
	3	6	50						4					1	2	22	55	594					77
		6	64		1						1					6	84	747					78
1	9	6	90								2			4		22	89	1.393					79
		4															20	285					80

que o decenio destacou a complementariedade do saneamento e o abastecemento da auga, as últimas estadísticas da O.M.S., a metade de camiño por percorrer do Decenio (finais de 1985), amosan que nos países en desenvolvemento sen incluí-la China, polo menos dous cidadáns de cada cinco non posúen medios de saneamento adecuados. Nestes mesmos países, un cidadán de cada catro, e tres campesiños de cada cinco, non dispoñen dun abastecemento de auga cuantitativa e cualitativamente adecuado. A auga contaminada é responsable da transmisión de moitas enfermidades que a O.M.S. está tratando de combatir no mundo enteiro.

Os combustibles utilizados por aproximadamente a metade da poboación mundial, como fonte maior de enerxía doméstica fan que de 400 a 500 millóns de persoas sufran as consecuencias dunha contaminación atmosférica grave. É necesario engadir a isto niveis inaceptables de ruído e as perdas causadas polos insectos e os roedores. Isto é o que a Vida sobre a terra reserva a millóns de humanos.

A irradiación e a seguridade dos produtos alimentarios

A Organización Mundial de Saúde estima que para o período de 1986 a 1989 as enfermidades de orixe alimentaria poderían constituí-la «segunda causa de morbilidade en Europa despois das afeccións das vías respiratorias». Nos países en desenvolvemento, as enfermidades diarreicas, que se cobran millóns de vítimas, están estreitamente ligadas coas infeccións transmitidas polos alimentos, sobre todo alí onde a auga utilizada para a súa preparación está contaminada. Segundo o Dr. Fritz Käferstein, xefe do Servicio de Seguridade dos Productos Alimentarios na O.M.S., só a educación sanitaria permitirá resolverlo problema universal da contaminación dos produtos alimentarios por axentes biolóxicos.

Estes últimos anos diversos países adoptaron un novo procedemento de tratamento que

permite a conservación cualitativa e cuantitativa dalgúns produtos alimentarios: a irradiación. Na opinión pública, este proceder suscita moitos temores inxustificados. ¿Cal é a posición da O.M.S. na cuestión?

A irradiación dos produtos alimentarios é un procedemento de tratamento, que se basea nunha acción física máis ca química; os alimentos están expostos a unha forma de enerxía chamada raios ionizantes. Entre as outras formas de enerxía que se empregan para conservar os alimentos está a calor, utilizada para a cocción e as conservas, os raios infrarroxos do sol utilizados para o secado dos alimentos. Os alimentos tratados por irradiación non chegan a converterse en radioactivos.

O mesmo ca algúns procedementos de tratamento, a irradiación provoca nos produtos irradiados modificacións químicas das que algunhas xúlganse como beneficiosas; por exemplo, a irradiación abranda as xudías e reduce o tempo de cocción. Polo contrario, tende a abrandar-las froitas (o que pode considerarse coma un inconveniente) e transmite a algúns alimentos un sabor indesexable, especialmente a doses elevadas. A irradiación fai diminuír algúns elementos nutritivos, principalmente vitaminas, pero isto sucede igualmente con moitos procedementos tales como a pasteurización, as conservas e a cocción.

A O.M.S. non considera que a irradiación dos alimentos sexa unha panacea para os moitos problemas de contaminación alimentaria e de perda de alimentos, pero estímase que este procedemento pode, nalgúns circunstancias, contribuir á promoción da seguridade dos produtos alimentarios e á redución de perda de alimentos. Como a dispoñibilidade e a seguridade dos produtos alimentarios constitúen un elemento importante de atención primaria de saúde, a O.M.S. non desexaría que o rexeitamento inxustifico deste procedemento poidera ser un impedimento para os países que poidesen beneficiarse da súa utilización. «Dentro dalgúns anos, a onda de emoción e de inquietude suscitada pola irradiación dos alimentos baixará e dará lugar a un mellor

coñecemento das ventaxas deste procedemento», comenta o Doutor Käferstein.

A irradiación dos alimentos será considerada con acerto coma un procedemento de conservación, entre outros, utilizable en casos ben determinados, tendo en conta as súas vantaxes e os seus inconvenientes. Os consumidores que se preocupen da súa saúde e da saúde da súa familia esixirán probablemente polo irradiado con preferencia ó polo non irradiado, para ter alimentos exentos de organismos patóxenos.

O Decenio 1980-1990

Haberá que esperar aínda dous anos para face-lo balance do Decenio Internacional da Auga Potable e o Saneamento. O que xa pode dicirse é que, a pesares dos resultados bastante desiguais, o decenio, no seu conxunto, terá exercido unha acción positiva.

O sentimento inicial de euforia que seguiu á Conferencia de Mar del Plata, no curso da cal as institucións internacionais, entre elas a O.M.S., lanzaron o Decenio, desapareceu bastante rapidamente despois dun reexame máis sobrio sobre as realidades. Máis de un plan demasiado ambicioso tívose que levar a proporcións máis realistas. Un dos resultados máis positivos do Decenio, segundo a O.M.S., é que hoxe a maioría dos países formularon plans referentes ó abastecemento de auga e ó

saneamento e que a atención xirou sobre as poboacións máis desfavorecidas que viven no medio rural e nas zonas da periferia urbana. Mentres que antes se deploraba a ausencia de coordinación entre as institucións internacionais agora constátase unha neta mellora neste dominio. Obsérvase igualmente unha intensificación do desenvolvemento dos recursos humanos, un reforzo da participación comunitaria, unha mellora da infraestrutura e un compromiso directo por parte dos ministerios de Saúde.

Naturalmente, toda medalla ten o seu reverso. A situación económica é responsable da irregularidade dos resultados obtidos no mundo enteiro. Para dici-las cousas crudamente, faltaron os cartos, a experiencia tamén, preparáronse plans pouco realistas polos poderes públicos, creando unha especie de vacío, sen dispoñer dun apoio financeiro e técnico axeitado. A explosión demográfica dos países en desenvolvemento explica tamén que algúns obxectivos do Decenio non se poideran cumprir.

O que hai verdadeiramente alentador é que, despois de constatar que os plans e a realidade non coinciden necesariamente, os responsables non están desanimados por iso. O Decenio non é, despois de todo, nada máis que o comenzo. A O.M.S. reconece que aínda se necesita tempo, esforzo e vontade, para que tódolos habitantes do mundo teñan acceso a un abastecemento de auga e medios de saneamento adecuados.

Premios

- Premio Reina Sofía 1988, de investigación sobre as deficiencias.
Información en Secretaría General del Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía. C/ Serrano, 140. 28006. Madrid. Envío de traballos ata o 30 de maio.
- Premio «Caixa de Aforros de Galicia» para traballos sobre «Estudio médico-xeográfico e epidemiolóxico dun partido xudicial de calquera das catro provincias galegas, agás Noia, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Carballo, A Coruña, Zas, Corcubión e Santiago de Compostela».
Información: Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. Durán Loriga, s/n. A Coruña. Telf.: 224940. Envío de traballos ata o 1 de outubro.

Congresos

- XXVIII Reunión Anual da Sociedade Española de Neuropsiquiatría Infanto-Juvenil.
Illa da Toxa (Pontevedra). 19-21 de maio de 1988.
Información: Clínica Residencia «El Pinar». Ap. 725 - Vigo (Pontevedra). Telf.: 437780.

Xornadas

- II Jornadas d' Hipertensió Arterial a l' Atenció Primaria.
Hospitalet de Llobregat (Barcelona). 13-14 maio de 1988.
Información: Rosa Calvis. Hospital de Bellvitge. Feixa. Llarga, s/n. 08097 - Hospitalet de Llobregat. Telf. (93) 3362509. Ext. 372.
- VIII Jornadas de Economía de la Salud.
Gran Canaria 25-27 de maio de 1988.
Información. Secretaría Ilustre Colegio Economistas de Canarias (Sección Las Palmas). Avda. 1º de Mayo, 37-bajo. 35004 - Las Palmas de Gran Canaria. Telf.: 928 - 363423.
- I Reunión sobre Cancro e SIDA en Odonto-Estomatoloxía.
Santiago de Compostela, 2-4 de xuño de 1988.
Información: Escola de Estomatoloxía. Universidade de Santiago.
Telf.: 562026.

Cursos

- Introducción a la gestión aplicada al primer nivel de supervisión de la enfermería.
Barcelona 30 maio - 3 de xuño de 1988.
Información: CAPS París 150-1º-2.ª 08036 - Barcelona. Telf.: 3226554.
- Taller sobre SIDA
Granada 6-10 de xuño de 1988.
Información: Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur 11. 18014 - Granada. Telf.: 280766.
- Ensayos clínicos controlados.
Barcelona 6-10 de xuño de 1988.
Información: CAPS - París, 150-1º-2.ª - 08036 - Barcelona. Telf.: 3226554.

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública